

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8148 *REAL DECRETO 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.* («BOE» 110, do 9-5-2006.)

Facer máis sinxela e amable a relación do cidadán coa Administración xeral do Estado é unha das prioridades do Goberno. En efecto, a política de simplificación e modernización da xestión pública encontra a súa xustificación primeira, non xa en requirimentos organizativos, senón na atención ás necesidades e demandas da cidadanía, tanto máis complexas e exixentes canto que se corresponden cunha sociedade democrática avanzada, consciente de que unha Administración pública eficiente é condición indispensable para que o exercicio dos dereitos constitucionais sexa efectivo.

Por outro lado, tamén é certo que da eficiencia administrativa depende, en grao non menor, o nivel de competitividade da economía e, por tanto, é un factor esencial para consolidar un crecemento económico que faga posible atinxir maiores cotas de progreso social para o conxunto da cidadanía.

Seguindo estes principios, o Goberno adoptou nos últimos meses diversas iniciativas dirixidas a mellorar a atención ao cidadán e as condicións de prestación dos servizos públicos, medidas innovadoras que, unha vez postas en práctica, significarán un cambio progresivo na relación entre cidadanía e Administración, de forma que esta resulte máis próxima, máis áxil e máis receptiva ás necesidades cidadás.

Dentro destas iniciativas estase a impulsar unha simplificación de procedementos administrativos que contribúa a optimizar a utilización das novas tecnoloxías nas administracións públicas.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece, cunha visión estratéxica e de longo prazo, no seu artigo 35.f) o dereito do cidadán a non presentar aqueles documentos «que xa se encontren en poder da Administración». Con base neste cadro normativo, o ámbito de aplicación deste dereito foise ampliando e así, mediante o Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, reguláronse as condicións para a utilización de medios telemáticos en substitución da presentación de certificados por parte dos cidadáns.

A pesar disto, na actualidade aínda existen dificultades organizativas ou de funcionamento que obrigan as administracións, nalgúns casos, a exixir aos cidadáns a presentación de documentos que xa se encontran no seu poder.

Un exemplo constituíuno a petición de fotocopias do documento nacional de identidade ou do documento acreditativo da identidade ou tarxeta equivalente expedido polas autoridades españolas no caso de estranxeiros residentes en España nos expedientes administrativos, para efectos de deixar neles constancia que faga fe de determinados datos persoais. Ninguén puido cuestionar a necesidade de tal requisito durante un tempo en que as tecnoloxías da información non alcanzaran o nivel de desenvolvemento e o volume de prestacións que hoxe nos ofrecen. O requirimento derivaba ou ben do Real decreto 1245/1985, do 17 de xullo, polo que se modifica e completa a normativa reguladora do documento nacional de identidade (recentemente derogado polo Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus

certificados de sinatura electrónica) ou ben das normas específicas que regulan tales procedementos.

A exixencia de presentar fotocopia do DNI ou de documento equivalente, aínda que constituíu no seu momento un importante avance para os cidadáns ao substituír a necesidade de presentar outros documentos (certificados de nacemento.) de obtención máis complicada, quedou claramente obsoleta e discordante cunha situación administrativa e social decididamente orientada a diminuír as cargas e barreiras burocráticas mediante un uso racional das técnicas e recursos dispoñibles.

Pero, ademais, a presentación resultaba na actualidade de utilidade discutible, tanto porque en moitas ocasións duplicaba un dato requirido na propia solicitude (o número de DNI ou do documento equivalente) como pola facilidade de manipulación dunha fotocopia. De feito responde a unha cultura felizmente superada, a da visión «patolóxica» do cidadán enfocada a evitar unha mínima porcentaxe de fraudes sen, por outra parte, conseguilo.

Por outra parte, a difusión dun DNI con certificado electrónico acentúa a obsolescencia da presentación de fotocopias, aínda que non a evita por completo dado o sistema de rexistros vixente no noso país, que fai que o órgano ante o cal se presenta a solicitude en moitas ocasións non teña vinculación orgánica nin funcional co xestor dela.

Non obstante, é certo que determinados procedementos requiren a verificación de datos persoais incorporados aos documentos de identidade por ser esencial para a súa resolución. Por iso o proxecto, alén de terminar explicitamente coa obriga de presentar fotocopias do documento nacional de identidade, establece sistemas alternativos e máis confiables que as fotocopias-para proceder a tal verificación. En calquera caso, este real decreto afecta exclusivamente a exixencia de presentar fotocopia do DNI e non a obriga de identificación de quen comparece ante a Administración pública.

Na preparación deste real decreto solicitáronse informes do Consello Superior de Administración Electrónica e da Axencia de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Administracións Públicas, precedendo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de abril de 2006,

DISPOÑO:

Artigo único. *Comprobación de datos de identidade nos procedementos administrativos.*

1. Nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda á Administración xeral do Estado ou aos organismos públicos vinculados ou dependentes daquela, non se exixirá para efectos de comprobación dos datos de identificación persoal, a quen teña a condición de interesado, a presentación de fotocopias do documento nacional de identidade.

O disposto no parágrafo anterior será, así mesmo, aplicable ao documento acreditativo da identidade ou tarxeta equivalente dos estranxeiros residentes en territorio español, expedido polas autoridades españolas de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

2. A comprobación ou constancia dos datos de identidade dos que teñan a condición de interesado nes procedementos administrativos a que se refire o número anterior será realizada de oficio polo órgano instrutor, de acordo cos datos de identificación que consten nos seus arquivos, bases de datos ou outros fondos documentais.

3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, nos procedementos para cuxa tramitación sexa imprescindi-

ble acreditar de modo que faga fe datos persoais incorporados aos documentos de identidade dos que teñan a condición de interesado, o órgano instrutor poderá comprobar tales datos mediante un sistema de verificación de datos de identidade. En todo caso será preciso o consentimento do interesado para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados por este sistema polo órgano instrutor, debendo constar este consentimento na solicitude de iniciación do procedemento ou en calquera outra comunicación posterior. Para tal efecto, a prestación do consentimento do interesado poderase facer constar expresamente no recibo de presentación da solicitude.

Se da comprobación efectuada resultar algunha discordancia cos datos facilitados polo propio interesado, o órgano instrutor estará facultado para realizar as actuacións procedentes para aclarala.

En calquera caso, se o interesado non prestar o seu consentimento deberá presentar fotocopia do documento ou tarxeta de identidade correspondente. A non-presentación daquela será causa para facerlle requirimento, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio.*

Até a data en que estea plenamente operativo o sistema a que se refire a disposición derradeira primeira, o órgano instrutor poderá solicitar a presentación de fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento acreditativo da identidade ou tarxeta equivalente expedida polas autoridades españolas no caso de estranxeiros residentes en España, nos casos a que se refire o número 3 do artigo único.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos de comprobación formal ou pública dos datos de identidade.*

Nos procedementos en que as fotocopias de documentación acreditativa da identidade, remitidas en sobres cerrados, deban ser comprobadas ou cotexadas en actos formais ou públicos de apertura dos sobres, seguirase requirindo a presentación das mesmas fotocopias en canto non se habiliten medios que permitan a súa comprobación ou verificación no desenvolvemento de tales actos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Sistema de verificación de datos de identidade.*

O establecemento da configuración, características, requisitos e procedementos de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade, así como a data en que este sistema estará plenamente operativo, levarase a cabo mediante orde, por proposta conxunta dos ministros do Interior e de Administracións Públicas. A partir desa data non se poderá exixir na Administración xeral do Estado, e nos organismos públicos vinculados ou dependentes daquela, a presentación de fotocopias do documento nacional de identidade ou do documento acreditativo da identidade ou tarxeta equivalente expedida polas autoridades españolas no caso de estranxeiros residentes en España, sen prexuízo do previsto no artigo único deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

8149 *REAL DECRETO 523/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a exigencia de presentar o certificado de empadramento como documento probatorio do domicilio e residencia nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes. («BOE» 110, do 9-5-2006.)*

Este real decreto forma parte do conxunto de iniciativas do Goberno encamiñadas a potenciar a prestación de servizos administrativos ao cidadán mediante a utilización das tecnoloxías da información, tanto se se trata de exercer competencias propias da Administración xeral do Estado, como nos casos en que a prestación do servizo require a participación de diversas administracións, a través, nestes supostos, dos instrumentos de cooperación interadministrativa previstos polo noso ordenamento xurídico.

O albo de todas estas iniciativas de modernización administrativa, entendida no seu máis axustado significado, é dar resposta á demanda cidadá de que as vías de relación coa Administración xeral do Estado se simplifiquen e, en consecuencia, resulte máis sinxelo obter os resultados que se esperan desa relación.

Un dos medios máis directos para obter estes resultados é evitar que os cidadáns presenten documentos que xa se encontran en poder da Administración, tal como estableceu no seu artigo 35.f) a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando para isto os medios telemáticos, conforme as previsións do Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, que regula as condicións para a utilización de medios telemáticos en substitución da presentación de certificados por parte dos cidadáns.

Non obstante, até o de agora existiron dificultades funcionais ou organizativas que impedían facer efectivo este dereito, como é o caso dos certificados de empadramento emitidos polo Concello do municipio de residencia, para efectos de acreditar os datos de domicilio do cidadán.

Na actualidade, grazas aos medios telemáticos, informáticos e electrónicos con que conta a Administración xeral do Estado, este requisito de presentación do certificado poderá ser substituído pola consulta ao sistema de verificación de datos de residencia, cos mesmos efectos probatorios.

Por isto, mediante este real decreto suprimese a exigencia de xuntar a calquera escrito, comunicación ou formulario dun procedemento tramitado pola Administración xeral do Estado e polos organismos públicos vinculados ou dependentes dela, un certificado de empadramento probatorio dos datos de domicilio e residencia que xa constan no escrito de solicitude. Será o órgano administrativo responsable da tramitación do procedemento o que debe consultar as propias bases de datos da Adminis-